



O Camiño de Santiago en Santo Estevo de Lires



De San Martiño de Duio cara Lires.

Camiñaremos polo istmo areoso que agocha antiga cidade de Dugium que puido ser arrasada polo mar, como di a lenda, ou polo suevo Reckila a causa de teren destruído os seus habitantes os templos arrianos. Pasaremos por Escaselas e San Salvador, onde longas rectas entre campos de cultivo nos deixan na Punta do Rostro, lugar do naufragio do tristemente célebre navío Casón. Rodearemos o enorme e desolado areal de Rostro por unha carretera que evita as aldeas de Buxán, Suarriba e Castrexe. Desde a aldea de Padris entramos no Camiño Real a través dun monte de pinos e eucaliptos. Esta vía vai dar ao Mellón de Lires, outro magnífico mirador sobre un rosario de promontorios, desde onde se ve a extensa praia de Nemiña.

De Lires cara Frixe.

Remontando a pequena ría de Lires, na que invernan aves zancudas e anátidas, desde a igrexa barroca de Santo Estevo atrávesase, costa arriba, o núcleo de Lires (varios cabazos e casas de turismo rural). De aquí descéndese ao val do río Castro, onde se non hai enchenta podemos salvar o río Vaosilveiro, e por unha estreita pista entre eucaliptos subiremos ata o monte da Pedra Furada, deixando á dereita esta parroquial románica de Santa Locaia de Frixe.

De haber enchenta, moitos peregrinos optan por salvar o caudal na Ponte Nova. Para tal fin continúan río arriba por unha pista asfaltada que pasa por Porcar e chega ata a capela de Santa Lucía, que pertence por estar da banda sur do río, á parroquia de Lires. Atravesando a ponte que lle dá nome ó lugar, chegan igualmente ao punto no que estamos, a igrexa de Santa Locaia.

CANTO AO VAL DE LIRES

Por Manuel Domínguez Rodríguez, veciño da Lagoa, revista Nemanco, 1953.

"É difícil describir a beleza dun pobo, dun lugar ou de calquera anaco de Natureza, sen ser pintor ou poeta. Este canta e leva ao papel a imaxe poética daquilo que ve e sente; aquel plasma no lenzo o que impresionan os seus sentidos de retratista. Se ámbalas dúas cousas son difíciles, moito máis o será describir con palabras os encantos da nai Natureza; e máis tratándose dun recuncho da vella Galicia, onde se amosou tan dadirosa en detalles: feliz de nacer neste anaco do Noroeste de España; encravado entre o Atlántico que, con xenreira e barullo (dando música á paisaxe) rompe os seus salobres e azuis tombos sobre os seus lindes; entre a pequena parroquia de Sardiñeiro, cara o sur, e o Cabo Fisterra,

pequena prolongación xeográfica do pintoresco val; o río Castro, chamado tamén río Grande, linde natural separativo do concello de Muxía; e os montes de Toba, existe o máis fermoso e pintoresco val da comarca de Nemanco: o val de Lires, que leva no seu seo diseminados tan pintorescos e fermosos lugares, sempre expoñente e froito da súa entrañable riqueza, como Tedín, Ruibo, Lagoa, Lires, Canosa, Porcar e Pontenova."




Igrexa parroquial de Santo Estevo de Lires, séc. XVII

A igrexa de Santo Estevo de Lires data de primeiros do século XVII, construción que substituíu a unha anterior, probablemente medieval e máis achegada á beira da ría. O cruceiro da igrexa está no medio da aldea, e cobra protagonismo os días de festa ou en celebracións sinaladas, pois os fregueses acoden a el en procesión. Antigamente as nenos do lugar ían ler versos á Virxe ao seu pé, costume extinguida actualmente.

A festa do seu patrono, Santo Estevo, celébrase cada 26 de Decembro. As outras dúas festas da parroquia son O Sacramento, cada primeiro domingo de Agosto e a Nosa Señora do Socorro, cada segundo domingo de Maio.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Fonte e imaxe na súa capela de Santa Lucía da Pontenova

Pertencente á parroquia e á igrexa de Lires atópase a capela de Santa Lucía da Pontenova, avogosa das enfermidades oculares. Esta capela celebra o 13 de Decembro a súa festividade con grande afluencia de xente, que ten por costume recoller a auga da fonte de Santa Lucía, a carón da capela. Antigamente existía unha casaíña, hoxe despintada, contigua á capela onde se reunían os días da festa os sacerdotes de arredores.

Hoxe en día son moitos os peregrinos que chegan á Pontenova para salvar o río Castro, sobre todo en inverno, pois cando o río medra, o paso por Vao Silveiro non resulta seguro.



Fonte de Lires

As fontes en Galicia son xeradoras de moitas lendas e poemas, coma este do autor muxián Gonzalo López Abente, publicado no número un da revista Nemanco, en 1953, titulada "Hacia el Finisterre"

"Hai un merlo que perto do camiño
Adeprende a cantar na fontaiña.

Ela canta en son quedo e solermeño
A canzón cristaiña

Que nasceu sospirando no botón
Vermello dunha rosa de paixón.


Pero dantes ninguén ouvín na senda
Da fonte e do paxaro cantador

Os tráxicos rumores dunha lenda
Misteriosa de amor.


Hoxe a historia arrincada do seu niño
Con azas indiscretas voa axiña,

Que hai un merlo que canta no camiño
A segreda canzón da fontaiña."

Gonzalo López Abente.



O camiño de Santiago: paso do río Castro por Vao Silveiro



Pia bautismal de pedra.



Cabaceira tradicional, Lires

Esta subvariante do estilo de cabazos do arco fisterrán comprende o territorio que se estende entre os tramos finais dos ríos Castro e Xallas. Polo norte fai fronteira co tipo Nemanco nos lugares do curso baixo do río do río Castro (Nemiña, Lires, Frixe...).

Chama a atención polo calculado xeometrismo co que foi construída a cabaceira desta zona. As partes son totalmentee a escuadro, con cálculos previos. As paredes da cámara presentan unha perfecta harmonía entre as súas partes: as pezas denominadas duelas (ou doelas, dovelas, sequeiros) organizanse en ringleiras exactamente iguais, sobre todo nos exemplares máis modernos (nos antigos aínda había certa irregularidade)

Pola parte de Lires poden advertirse certos exemplares construídos con cemento e ladrillo, pero coa grata particularidade de que estes materiais seguen observando as mesmas formas das tradicionais cabaceiras de pedra, mesmo coas súas capas híbridas e cos seus pés prismáticos.

A PEREGRINACIÓN TRADICIONAL

A peregrinaxe polo Camiño de Santiago foi unha das máis importantes e coñecidas do medievo e no Renacemento. De feito, "Os contos de Canterbury" recreáanse nela. Era unha época na que realizar esta peregrinaxe, deixando por longo tempo traballo e familia para visitar as reliquias santas, prestixiaba socialmente aos cristianos adañeirados. Pero tamén houbo unha época na que a peregrinaxe era o único medio para a reinserción social de pecadores, proscritos e condenados que eran penados polos intransixentes tribunais eclesiásticos a percorrer o longo Camiño a Compostela.

A viaxe facíase sempre colectivamente para evitaren os perigos do longo percorrido, seguindo polas diversas rutas as especiais "pedras" que os marcaban: os cruceiros.

A indumentaria típica do peregrino caracterizábase por levar roupa e calzado de abrigo, e a indispensable cuncha de vieira. De todos os elementos característicos da aparencia dos peregrinos, a cuncha é a que maior simbolismo apunta ao Camiño de Fisterra Muxía, posto que ao voltaren da peregrinación a Santiago, os peregrinos adornaban as súas capas con cunchas de vieira "para a gloria do Apóstolo" e como sinal da longa viaxe. A cuncha de vieira expresa o símbolo do mar no Fin da Terra, dado que todo peregrino que se preciara despois de visitar a tumba do Apóstolo, achegábase ás localidades costeiras de Muxía e Fisterra, onde se retirou a rezar e por onde chegou o corpo do Apóstolo, camiño do sepulcro definitivo en Compostela.



Solpor na praia de Lires